

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 10 DE
XULLO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día dez de xullo de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos n.º 2/2009 de suplemento de crédito

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de xullo actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 9 de xullo actual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo está de acordo co expediente, porque consideran que é necesario que se adquiran

os terreos para facer un centro de ensino no lugar de Lendoiro, na Barcala, pero que se van a abster na votación.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que xa comezan ben o pleno, porque parece que o Sr. alcalde non quere deixar falar ao Partido Popular, supón que é un día desagradable. Di que cando fai dous meses se ían aprobar uns orzamentos, coa abstención do seu grupo, neses orzamentos estaba incluído o diñeiro para comprar o terreo. O PSOE estivo a negociar outros orzamentos, non sabe de que maneira, e olvidáronse de meter ese terreo, por iso hoxe teñen que facer unha modificación dunha cousa que se vai a aprobar dentro dun momento. Di que é unha chapuza, pero que en calquera caso o colexio e os nenos non teñen culpa do goberno que ten Cambre e, por iso, o seu grupo se vai a abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, en primeiro lugar, non hai ningún problema. Que entrevistou o Sr. Taibo e que por deferencia non o cortou, pero nada máis, e dille ao concelleiro do Partido Popular que non vexa fantasmas onde non os hai.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén se vai a abster polas mesmas razóns que xa se deron. Pensa que é un tema que se debería incluír no orzamento e non facer esta chapuza, pero que, en todo caso, o seu voto vai ser de abstención.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da modificación porque inclúe dúas cousas que xa foron aprobadas por unanimidade de todas as forzas políticas que compoñen a corporación. Di que unha delas foi hai un ano, cando se aprobou o cambio do colector da Tapia, que se fixo aproveitando que estaban facendo as obras. Agora xurdiu a necesidade de ampliar o gasto nunha obra que é fundamental para o saneamento da ría, e parécelle axeitado.

Continúa dicindo que a outra foi o tema do colexio, e que pensaban que todos estaban de acordo en adquirir os terreos para ese colexio, e cando se está de acordo o que se fai é permitir que se utilicen os instrumentos necesarios para adquirir os terreos. Di que é unha cuestión técnica, que se vai a financiar con remanentes existentes de orzamentos anteriores, e non se pode incorporar ao documento orzamentario, por iso é necesario traer esta modificación de crédito. Di que precisamente unha das condicións que puxo o BNG, para darlle o visto e praxe ao proxecto de orzamentos, era que había que incluír de maneira simultánea, e aprobar no mesmo pleno, o proxecto de expropiación necesaria para obter os terreos para o colexio de Cambre. A eles tamén lles gustaría que isto se tivera producido hai

meses, posto que foi un acordo que o BNG xa tivo co grupo de goberno para aprobar os orzamentos do pasado exercicio, pero en todo caso, benvido sexa, e o que lle parece responsable é que as forzas políticas voten a prol, tanto do obxectivo da modificación, como do propio instrumento que se pon en marcha.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que lle parece moi ben, que aquí todos están falando de que están de acordo en que é unha obra necesaria e un investimento necesario tanto no que se refire ao colexio como ao saneamento, pero que no que non están de acordo é nas formas de facelo. Dille ao Sr. Iglesias que agora que vai entrar no goberno o que pretende é dorar a pílula. Todos están de acordo en que é unha chapuza por non telo metido no orzamento que hoxe traen a aprobación, e no que colaborou o BNG, están en contra da forma de facelo, non en contra de que se fagan os temas. Por todo iso non teñen por que votar a prol dunha chapuza que podería ter sido incluída nos orzamentos. Abstéñense por coherencia.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di, en primeiro lugar, que eles non están no goberno, polo menos a día de hoxe. O BNG recoñece que o proceso foi lento e que ven tarde de máis, eles querían que estivera en marcha dende hai un montón de meses, pero veu hoxe. Supón que o Sr. Marante ten algunha razón para dicir que é unha chapuza, e pídelle que en vez de chamalo así, que explique por que é unha chapuza e por que debería estar incorporado aos orzamentos. Supón que o problema é que seguramente non o sabe.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que hoxe na prensa sae que o BNG xa é parte do goberno, que pactaron onte. Pregunta por que hoxe din que non é así.

O Sr. alcalde pide ao público asistente que manteña silencio.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 2/2009 por importe de 340.262,36 euros nas partidas orzamentarias e proxectos seguintes:

Partida	Proxecto		Importe suplemento crédito
422.6200090	08-2-422000	Terreos para construción colexio público	290.462,36
441.6110090	08-2-441002	Saneamento na Costa da Tapia	49.800,00
		Total	340.262,36

A devandita modificación financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2008	2.156.195,12
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2009	1.078.696,58
Disposto neste expediente suplemento de crédito número 2/2009	340.262,36
Cantidade de remanente sobranse	737.236,18

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efetur as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

2º Proposta de delegación na Deputación Provincial de solicitude de compensación ante a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda e, no seu caso, posterior recurso ante os tribunais competentes

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 6 de xullo actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 9 de xullo actual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle gustaría intervir neste tema porque precisamente pensa que ten moito que ver co tema dos orzamentos do concello para o 2009. Pensa que a eficacia do goberno tamén se mide polo grao de xestión no cumprimento das súas obrigas. Neste sentido hai uns compromisos adquiridos nos plenos e, como se ten falado recentemente, neste concello moitas veces non se cursan cousas como son a liquidación das ordenanzas municipais, ou o seu cumprimento.

A propia interventora, no seu informe aos orzamentos, aconsella adoptar medidas para incrementar os ingresos e as diversas taxas que se deixan de percibir.

Di que o que o seu grupo quere denunciar é a pasividade trascendental con este tema para recuperar a compensación económica derivada da exención do IVE das empresas concesionarias de autoestradas de peaxe, por ter recoñecido por lei unha bonificación do 95% que terían que pagar as empresas aos concellos polos que discorre o seu trazado. Neste sentido o seu grupo presentou unha pregunta nun pleno do 2008 e tamén na aprobación das ordenanzas do mesmo ano, pero lamentablemente non se fixo xestión ningunha neste sentido, para reclamar ao goberno a carencia deste imposto. O Concello de Cambre está deixando de percibir o 95% polo IVE de *Autopistas del Atlántico*, un 95% que tería que ser compensado polo goberno. Unha vez máis ignóranse as propostas de EU-IU e incúmprense acordos plenarios. Como de costume seguen indo por detrás dos problemas, que neste caso concreto ocasiona un grave prexuízo para os veciños de Cambre, onde está limitando moito a capacidade de investimento. Di que no informe da tesoureira consta que nos últimos catro anos se perderon 805.590 euros. Parécelles unha cantidade moi importante e insiste en que neste concello, dende que o seu grupo o presentou en pleno no ano 2008 non se fixo absolutamente nada, só agardaron a que a Deputación nos apercibira para facer a xestión.

Continúa dicindo que tamén ten algo que ver co propio recoñecemento da reclamación do IVE, un tema ao cal tamén fixo mención o seu grupo nun pleno, o das inundacións provocadas polo encoro de Cecebre. Neste sentido tamén hai sentenzas do Tribunal Supremo a prol, e, como no caso da autoestrada, o concello segue sen facer nada.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, non van por detrás e, en segundo lugar, ninguén os apercibiu. Di que o que hai é unha sentenza da Comunidade de Madrid na que se recolle que as autoestradas deben de pagar o 100 % da contribución e non o 5 %, que é o que se paga agora. Esa sentenza aínda non é firme, por iso non van detrás de ninguén, porque aínda non é firme en ningunha parte de España, pero apoiándose nela a Deputación da Coruña dirixiuse a todos os concellos afectados dicíndolles que poderían iniciar un proceso legal igual que se fixo en Madrid para intentar que contribúan co 100% e non co 5% que contribúen agora. Nese sentido Cambre non vai detrás, porque non hai ninguén que o estea cobrando actualmente.

Di que é certo que se consiguen que os tribunais dean a razón a todos os concellos da provincia da Coruña, entón Cambre poderá ter uns ingresos anuais de 200.000 euros.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el non fala dunha sentenza, senón que ten seis sentenzas sobre este tema. O seu grupo si que se preocupa por este tema, porque consideran que é importante. Cambre está perdendo de recadar e está perdendo un tempo precioso en xestionar estes temas. Á parte das xestións que pode facer a Deputación provincial, hai outro tipo de xestións que estivo facendo a FEMP, e o Concello de Cambre non fixo nada para que esta organización xestionara o tema. Tamén hai outros concellos que pagando servizos xurídicos teñen presentado recursos. O Concello de Cambre non fixo nada.

Dille ao Sr. Salcines que el nun pleno lle informou de que ía entregar aos servizos técnicos do concello o aprobado, pero pensa que non fixo nada, que os servizos técnicos municipais non fixeron nada, pregúntalle ao Sr. Salcines se fixo algo. Agora é a Deputación a que nos apercibe. Di que unha vez máis o Concello de Cambre vai por detrás dos problemas.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que a Deputación non apercibe ao Concello de Cambre, senón que o invita a que se una a outros concellos para ir todos xuntos nunha mesma liña. Iso non lle parece que sexa nada negativo.

Dille ao Sr. Taibo que lle recoñecen o traballo que fixo, que é certo que veu a este pleno e trouxo propostas. O grupo de EU-IU é un grupo activo nesa liña, iso sempre o van a recoñecer, pero o seu traballo non implica que o grupo de goberno non teña feito nada ou que teñan estado parados. Neste caso é un proxecto que se inicia. Todos saben que as sentenzas pódense recorrer, e no momento que haxa sentenzas firmes que lles dean a razón, eles irán tras elas. Di que meterse nos xulgados e gastar diñeiro en avogados é unha opción, pero pensa que se hai outros que xa o están facendo, é mellor agardar a que haxa sentenzas firmes, para poder aproveitar esas decisións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o movemento se demostra andando e que cando el dixo que non fixeran nada é porque dende o Concello de Cambre non se fixo absolutamente nada. Foi a Deputación a que os está apercibindo. El está de acordo con que se faga, pero tiña que terse feito moito antes, mediante a Deputación, a FEMP ou o propio concello, e non se fixo nada, levan catro anos e teñen paralizados aí máis de 800.000 euros.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Delegar na Deputación da Coruña a solicitude, ante a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda e ante os tribunais correspondentes no seu caso, de compensación da bonificación do 95% da cota do IBI que corresponde pagar á sociedade concesionaria da autoestrada AP-9.

3º Orzamentos xerais para o exercicio 2009

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 30 de xuño do ano que andamos.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 9 de xullo actual.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que hai dúas liñas que ten marcadas este orzamento, unha é a contención de gasto corrente e a outra é a potenciación do investimento.

Di que, en canto ao gasto corrente, o gasto que tiña Cambre en bens correntes no orzamento do ano pasado era de 6.206.116,75 euros, que é practicamente o mesmo que figura no orzamento para este ano. Incrementouse unicamente nun 1%. Acadaron este control no gasto corrente porque houbo unha clara contención e conxelación de gastos, practicamente rebaixaron un terzo de todas as partidas, o que supuxo un aforro de cerca de medio millón de euros. Conxelaron outro terzo das partidas, e subiron o terzo restante.

Di que como partidas máis relevantes nas que se incrementou o gasto están a partida de servizos de axuda a domicilio, que se incrementou en 80.000 euros; actividades da terceira idade, en 10.000; o programa mañanceiro, en 11.250; reparación de iluminación, en 10.000; outros estudos e traballos técnicos, en 70.000 euros, que é unha partida que van a utilizar, entre outras cousas, para contratar unha asistencia para poñer ao día as licenzas de obras, que é un acordo que tiñan co PP e que tamén demandou o BNG; tamén 80.000 euros máis para o Plan xeral; un incremento de 52.000 euros para reparación do abastecemento e saneamento; ou 15.000 para a intervención social entre rapaces. Todo o que enumerou son incrementos desas partidas, non está a falar do seu importe total.

Di que esas son as partidas onde hai uns maiores incrementos, e que hai outras partidas con pequenos incrementos de 1000 ou 2000 euros.

Por outro lado, quere sinalar que o Concello de Cambre é un dos máis saneados que hai actualmente en Galicia. O ano pasado destináronse ao pago de intereses 268.152,91 euros, este ano hai previsto 243.152,91, é dicir 25.000 euros menos, baixa un 9%.

Sinala que o nivel de débedas do concello é de 5.200.000 euros, e que a lexislación permitiría que Cambre chegase aos 14 millóns de euros. Lembra que moitos concellos de Galicia están ao máximo do permitido pola lexislación. O Concello de Cambre é un concello saneado e pode dicir iso con orgullo.

Por outra parte quere sinalar que o que traen a este orzamento non é máis que unha pata da súa política investidora, xa que o orzamento é unha vía, un instrumento de financiamento, pero non o único instrumento que hai para financiar as actividades dun concello. A política investidora á que chegaron no seu acordo co BNG, rolda os catro millóns de euros, e os proxectos vanse financiar con este orzamento, se son anuais, co seguinte, se son pluranuais, e co remanente asignado e non asignado deste exercicio.

Di que como grandes partidas de investimento van a destinar á seguridade viaria 283.000 euros, incluíndo como obras principais as beirarrúas do tramo de Pravio, Catro Camiños, e Apeadeiro, a renovación de firme de Cela, dende Canal ata Bartolomé e Armental, e unha senda peonil para o río Mero. Van a gastar cerca de 300.000 euros na mellora dos contornos rurais, creando e embelecendo lugares de convivencia como son fontes e lavadoiros. Tamén empregarán esa cantidade para o mantemento de camiños e para a mellora do espazo público do contorno da igrexa de Cecebre, no lugar de Sobreguexe. Tamén queren acelerar o proxecto Arume, adiantando o plan de humanización do Temple, e destinando a iso 480.000 euros, para o arranxo da piscina municipal, a mellora do saneamento, e humanización do centro do Temple, nos arredores da rúa Pígara e Francisco Rodríguez.

Continúa dicindo que tamén se van a destinar case 1.400.000 euros á mellora das infraestruturas viarias, é dicir, a travesía de acceso ao cemiterio e un proxecto dunha nova estrada en Cambre, para o cal figura unha partida destinada ao estudo do proxecto, agardando que no vindeiro exercicio se poida financiar a súa execución.

Di que van a destinar a infraestruturas deportivas 268.000 euros, para substituír a cuberta do pavillón do Temple, continuar traballando no campo de fútbol Dani Mallo, e pavillón do Porto Faro.

Tamén van a mellorar as infraestruturas culturais destinando case outro medio millón de euros, fala da casa da cultura, de equipamento das bibliotecas municipais, e do mobiliario da escola de música.

Tamén van a traballar en Educación e en Emprego, acaban de aprobar neste pleno a expropiación duns terreos en Lendoiro para un colexio, tamén está unha escola-taller na parroquia de Pravio. Fala dun investimento duns 642.000 euros.

Tamén van a realizar un plan especial para humanizar A Barcala, que está presupostado en 220.000 euros, e que implicaría a contratación dunha brigada especial de 6 operarios, e unha partida tamén especial, extraordinaria, para mobiliario e ornato público.

Á parte desta política investidora, tamén teñen unha política de emprego, que é unha demanda manifestada reiteradamente polo grupo de EU-IU. Intentan na medida que é posible, cumprir cos seus acordos, neste caso cunha moción traída ao pleno por EU-IU, e poden afirmar que o incremento do emprego municipal, propio, que reivindicaba ese grupo municipal vai estar en torno aos 24 empregos, 13 incorporados, 6 pendentes de aprobación dos orzamentos e 5 pendentes do visto e prace da Xunta. Isto supón un custo de 294.000 euros, que sería o 4% do gasto corrente do orzamento, e implicaría 6 empregos para a brigada de humanización da Barcala, cun custo duns 100.000 empregos. Outros 6 empregos da brigada Grumir, cun custo de 58.000 euros. Unha brigada especial para organizar os espazos públicos, que supón 5 empregos e un custo duns 52.000 euros. Un programa de educación familiar con dous empregos e un custo de 20.000 euros. E ademais hai comprometidos por parte da Xunta 3 empregos para a área de Deportes, por un custo de 27.000, un para a lei de dependencia por 20.000 euros, e un auxiliar por un custo de 15.000.

Continúa dicindo que para terminar quere facer referencia a aqueles outros aspectos que teñen un maior grao de morbosidade, pero tamén de manipulación, que son o custo dos políticos de Cambre. Di que no ano 2008 o orzamento recollía que o custo total dos políticos da corporación municipal era de 658.000 euros, despois do pacto, a clase política de Cambre pasa a custar 618.000 euros. O custo das dedicacións exclusivas e parciais era, antes do acordo co BNG, de 280.000 euros, e pasa a custar despois, 288.000 euros, unha subida de 8.000 euros. A isto hai que engadir os ingresos dos concelleiros que quedarán fóra das dedicacións, previsiblemente el mesmo e o Sr. Lisnier, que como xa están traballando de funcionarios dálles exactamente igual cotizar ou non á Seguridade Social. Aínda que eles dous acudan a todos os plenos e xuntas de goberno que haxa, a súa remuneración estímase en 12.000 euros/anuais. O custo do pacto suporía 30.000 euros en salarios ao grupo de goberno, pero dado que hai unha baixada de todos os salarios dun 5%,

e hai unha redución de persoal de confianza e tamén unha redución do diñeiro asignado a partidos políticos, isto provoca que o custo final da clase política sexa máis baixo despois do pacto que antes.

O Sr. alcalde informa a unha das persoas asistentes ao pleno que se persiste na súa actitude verase obrigada a abandonar a sala.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el viña aquí a debater os orzamentos, pero que vai a comezar debatendo as mentiras, e vai a comezar na orde en que entreviú o mentiroso Sr. Salcines. Primeiro dixo que estes orzamentos se caracterizan por dúas liñas, contención do gasto e potenciación do investimento, di que non sabe se entende ben porque o investimento neste exercicio en Cambre redúcese nun 40%, e segundo o Sr. Salcines iso é potencialo. Chama contención do gasto a aumentar a partida do equipo de goberno. Di que manteñen o endebedamento, e claro que é certo, permanentemente desde hai anos o Concello de Cambre todos os anos pide un préstamo pola cantidade amortizada, simplemente que este ano, igual que o anterior rebaixanse os ingresos, e calquera veciño entende que se os ingresos son menores e as débedas son as mesmas, a situación empeora. Fala de 5.200.000 euros de endebedamento, que é verdade, pero tamén debe dicir que os ingresos, cada ano que pasa, se reducen nun millón e medio de euros. Di que destes orzamentos aos de fai dous anos, hai 3 millóns de euros menos de ingresos.

Di que o Sr. Salcines fala de que suben algunhas partidas, pero non fala das demais. Non fala do que baixan outras partidas, pero a iso xa se referirá logo. Di que si que fala de traballos técnicos, de que hai unha partida para traballos técnicos por unha demanda que fixo o BNG que coincide cunha que estaba no documento que asinou o PP co PSOE. Pero dille, mirando a xente, que é un mentiroso, porque nas comisións de onte dixo que non o tiñan previsto, e hoxe di o contrario. Iso só ten un nome, mentira.

Di que está presumindo de que o Concello de Cambre é un dos máis saneados de Galicia, que baixou o importe destinado a amortizar débeda, claro está, supón que é mérito seu que baixen os intereses, están en mínimos históricos, pregúntalle se é mérito del. Só faltaría que Cambre seguise pagando o mesmo que antes cando os intereses están en mínimos históricos.

Tamén lles acaba de dicir que van a crear máis de 20 postos de traballo, cando na memoria que presenta xunto cos orzamentos di que non poden contratar persoal, e agora di que van a contratar 24. Iso é mentira.

Tamén lles dixo que só estaba facendo mención a unha pata investidora dos orzamentos, que o acordo co BNG representa un investimento de 4 millóns de euros. Pregúntalle se o BNG achega 4 millóns de euros a este pacto, ou se eses 4 millóns van a saír dos impostos dos veciños. Gustaríalle que o aclarase, porque dá a sensación de que o BNG achega 4 millóns ao concello, cando o certo é que o que van facer e levarse 200.000.

Tamén acaba de dicir, outra mentira, que van a acelerar o proxecto Arume, e resulta que no pleno do mes pasado, posiblemente os veciños o recorden, e nas actas así está recollido, o equipo de goberno pediu autorización ao pleno para atrasar en varios semestres ese proxecto. Fai un mes pediron no pleno que o atrasasen e agora ven a dicir que o aceleran. O Sr. Salcines confunde a realidade cos desexos.

Tamén acaba de dicir o que custan os políticos. Dixo que a el e a outro compañeiro, que son funcionarios, dálles igual cotizar á Seguridade Social, pode que iso sexa así para o Sr. concelleiro, pero non o é para a Seguridade Social e tampouco para os veciños de Cambre. O Sr. Salcines debería predicar co exemplo, porque di que é progresista, pero esa é unha mentira máis, van a cobrar máis. Di que logo falarán da páxina 77 dos orzamentos que presentaron esta semana, e que logo de dicir que o PP fai demagogia, que probablemente por mala fe o descoñecemento fai acusacións, xa a modificaron.

Tamén falou da redución do persoal de confianza para rebaixar gastos, cando o certo é que non só non o reduciron senón que o aumentaron en tres persoas. Na páxina 77 fai uns días eran dúas e agora meten tres, todo iso para tratar de maquillar o soldo do voceiro do BNG. Están a aumentar en tres persoas o persoal de confianza.

Conclúe dicindo que unha vez aclarado que todo o que dixo o Sr. Salcines é mentira, poden comezar a debater os orzamentos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Cubeiro que ten un serio problema, que non sabe se é de ignorancia ou de ser mentiroso compulsivo. Di que se van punto por punto, poden dicir, en primeiro lugar, que baixan os tipos de interese, é certo, pero poden ver que os ingresos das contas correntes do concello teñen subido de 90.000 a 130.000 euros, baixan os tipos pero o concello ten máis ingresos polas súas contas.

Sinala que o Sr. Cubeiro dixo que na memoria do orzamento figura que non se pode contratar persoal, e é certo que non se pode contratar persoal estable, nin neste nin noutro concello, porque hai unha lei de estabilidade que recolle que non se pode incrementar o

cadro de persoal, pero o que si se pode é incrementar temporalmente, que é o que se vai a facer coa brigada de traballadores para A Barcala. Os empregos que enumeraron son empregos outorgados pola Consellería de Traballo, que por certo está gobernada polo PP dende hai uns meses. O que non se pode é sacar prazas de funcionarios, pero os empregos que el enumerou son empregos temporais, que a lexislación si admite, e se o Sr. Cubeiro aspira a ser alcade algunha vez, debería de sabelo. Dille que non é que sexa mentiroso, senón que non coñece os temas e non le as cousas.

En canto ao plan Arume dille que non pode montarse as súas películas como o fai, o seu obxectivo é saír cada dous por tres na Voz de Galicia para demostrar aos seus líderes que está traballando. Dille que o que ten que facer é lerse os documentos, porque o que trouxeron ao pleno do plan Arume foi unha petición dunha prórroga por se fixese falta, e así o dixeron aquel día no pleno. Ao Sr. Cubeiro parécelle mellor dicir que son ineficientes cando o que son é precavidos, aprobaron unha prórroga por se facía falta. Di que non a fai, pero que como non custaba nada, era mellor pedila. A iso chámase precaución e bo goberno.

En canto ao custo da Seguridade Social dille que terá que cotizar quen lle faga falta. El ten a gran sorte de que polo seu traballo xa está cotizando pola máxima pensión, e, polo tanto, non ten sentido cotizar tamén polo que percibe no concello, só serviría para ocasionar máis gastos ao concello. Pregúntalle se quere que meta ao concello en 6000 euros de gasto, que era o que estaba tendo ata o de agora. Dille que se é así é mellor que faga unha transferencia ou un donativo a unha ONG.

Outra mentira do concelleiro do PP é dicir que eles non van a pagar impostos. Eles si que o van facer, o que pasa é que as asistencias tributan á Facenda, pero Facenda só retén a partir dunha porcentaxe, pero que non se reteña non quere dicir que non haxa que tributar, e se o Sr. Cubeiro non o está a facer, debería de facelo, porque iso chámase defraudar. Eles van a tributar a Facenda, pero é que, ademais, van a pedir a retención, porque voluntariamente poden pedir unha retención a maiores.

Seguindo co tema da folla que cambiaron nos orzamentos, dille ao Sr. Cubeiro que hai erros que un empresario debería entender, ou que un asesor laboral, como é o concelleiro responsable dos temas de facenda do PP, debería saber. A seguridade social é unha porcentaxe sobre o soldo, de xeito que as persoas cun maior soldo, teñen un maior nivel de pago á Seguridade Social.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez intervén para dicirlle ao Sr. Salcines que non lles dea leccións e que se deixe de tonterías.

O Sr. Salcines responde que está na súa quenda. Dille que na folla que primeiro se entregou, imputóuselle a seguridade social do alcalde de Cambre, de todo un ano, por un erro, ao voceiro do BNG, de tal xeito que por un soldo que aparecía estipulado no documento de 23.000 euros, aparecía unha seguridade social de 12.000. Calquera pode ver que iso é un erro, sobre todo porque era a mesma cantidade que figuraba na fila superior para o alcalde. Con ese único dato o PP xa se montou a súa película, sobre o que gañaba cada quen, etc. Pídelle que amose a folla a quen queira, e dille que se o que quere é saír en prensa e conseguir titulares, o que ten que facer é traballar, e non montar mentiras.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que unha vez falado das mentiras ás que fixo referencia o Sr. Salcines, talvez poidan comezar a falar dos orzamentos. El vai empezar a facelo, e vai ser breve porque sabe que hoxe é un pleno no que lles interesa acabar canto antes. Pregunta en primeiro lugar por que non convocan o pleno no seu horario habitual, que vergonzas queren esconder, e en segundo lugar quere pedirilles que retiren os orzamentos.

Di que a primeira razón para retiralos é porque na memoria do Sr. Salcines dise que os estados de ingresos e gastos aparecen equilibrados, cumpren co obxectivo de estabilidade establecido para as corporacións locais, e xeran un aforro neto que se destina a satisfacer gastos de investimento. Está a dicir que cumpren co obxectivo de estabilidade, pero cando len o informe da interventora ven que di que, unha vez realizados os axustes previstos na normativa aplicable sobre a previsión de ingresos do proxecto de orzamentos, compróbase que non se cumpre o principio de estabilidade orzamentaria. Di que é unha mentira máis que está recollida na memoria do Sr. Salcines. Por isto pide ao Sr. alcalde que retire os orzamentos por ilegais.

O Sr. Salcines pregunta á interventora municipal se pensa que os orzamentos presentados son ilegais.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pídelle ao Sr. alcalde que non lle permita á interventora intervir, porque non pode entrar nun debate político. O Sr. alcalde non debe permitir que o faga.

O Sr. alcalde contesta que a interventora está de asesora e que pode asesorar, e se foi ela a que fixo o informe, pode explicalo xa que é a responsable do documento, outra cousa é o proxecto no seu conxunto.

Concedida a palabra á Sra. interventora manifesta que o incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria non fai que o documento orzamentario sexa ilegal. Di que é certo que no seu informe di que, unha vez realizados os axustes, se incumpre o principio de estabilidade orzamentaria, pero tamén máis adiante se di que, realizados unha serie de axustes no orzamento de gastos, o orzamento estaría en estabilidade. E tamén se di que estaría en estabilidade facendo a comparación dos capítulos VIII e IX do estado de gastos e ingresos, que é un dos principios da Lei de estabilidade orzamentaria, o endebedamento neto cero. Di que por ese lado si que se cumpre, e, polo tanto, se ben é certo que nun principio, unha vez realizados uns axustes, dise que non se cumpre o principio de estabilidade orzamentaria, máis adiante si que se xustifica que polo lado dos capítulos VIII e IX estase cumprindo a Lei de estabilidade, e que realizados unha serie de axustes nos gastos tamén se cumpriría.

Conclúe dicindo que o feito de que un orzamento non cumpra a Lei de estabilidade orzamentaria, non supón que sexa ilegal. A lei establece unha serie de medidas a adoptar no caso de que iso sexa así, de que se aprobe un orzamento inestable.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que precisamente isto era o que quería evitar, porque non entende que a interventora no seu informe diga unha cousa e agora a contraria.

O Sr. alcalde pide orde e pregúntalle ao Sr. Andreu se é el o que exerce de voceiro do grupo municipal popular.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que el pode actuar porque é voceiro suplente.

Concedida a palabra a don Nicolás Cubeiro Martínez manifesta que, unha vez aclarado que os orzamentos poden non ser ilegales, pero si inmorales, poden continuar.

O Sr. Salcines dille que non están nunha rolda de prensa, e que aquí hai que dicir verdades, e non inventos como fai sempre.

O Sr. Cubeiro di que o que fixo foi preguntar por que non convocaron o pleno noutro horario, pero xa o saben, non fai falta que contesten.

Continúa dicindo que o PP e o Sr. alcalde asinaron o 16 de abril un acordo para que o PP se abstivese na votación dos orzamentos, para que se puideran aprobar, e que dende logo non levaban un incremento de 200.000 euros para soldos de ningún concelleiro. O PP estaba facendo o que pensaba que era conveniente, que se aprobaran os orzamentos, que se lle puidera pagar aos acreedores, e que, dende logo, non incrementara absolutamente nada o gasto en cargos políticos. O PP nunca pretendeu cobrar nada, todo o contrario.

Di que iso foi o 16 de abril e atopáronse con que o 14 de maio, a través da prensa, dinlles que o BNG e o PSdeG-PSOE, iniciaban conversacións. O que lles dixeron exactamente foi que a formulación inicial era a elaboración dun orzamento baseado no recorte do gasto corrente no concello, para responder ás consecuencias que a crise económica tivo no municipio. Dicían que tamén estaba previsto o incremento do investimento para incentivar a economía local a través de novos proxectos e infraestruturas que ademais de mellorar a calidade de vida da localidade, e responder ás actuais necesidades dos veciños, teñen como obxectivo incentivar a dinamización económica, consolidar os postos de traballo xa existentes, e tamén xerar novos empregos para os parados de Cambre.

Di que, dende logo, foi un orzamento moi ambicioso o que estiveron negociando, pero como xa dixo antes, a primeira gran mentira destes orzamentos xa a dixo o Sr. Salcines na súa memoria, cando dixo que se cumpren os obxectivos de estabilidade e non é así.

Di que teñen que falar da páxina 77, que é onde están os gastos que xera o equipo de goberno. Presentaron os orzamentos cunha páxina 77, e logo de insultar ao PP en prensa, de dicir que facían demagogia, de dicir que por descoñecemento ou mala fe denuncian o que denuncian, van e modifican esa páxina. Agora hai dúas páxinas 77, unha primeira que era a auténtica, e unha segunda que está maquillada.

Di que na segunda maquillada o que fan é rebaixar o salario do voceiro do BNG, non ten título pero imaxínanse que é el, e meten outro persoal de confianza. Todos saben que ese persoal de confianza, unha vez aprobados os orzamentos, o alcalde cunha resolución pode cambiálo, pode eliminar ese cargo, e ese diñeiro repartilo como crea conveniente.

Di que na páxina 77 aparece un concelleiro con dedicación exclusiva, e a gran mentira está en que só meten os gastos de seis meses, non meten un ano. O que di o PP é que son 200.000 euros nun ano, porque neste caso son 100.000 o que incrementan. Hai un concelleiro que vai cobrar, máis ou menos, como o alcalde, e hai dous concelleiros máis con media dedicación, como os seis que xa había do PSOE, e que non saben que cargos van a ocupar, si saben o que van a cobrar.

Sinala que para que cadren as contas o que fan é rebaixar as asignacións aos demais grupos municipais. Iso non lles parece mal, de feito o seu grupo demandou en varias ocasións que se rebaixara o gasto aos partidos, presentaron mocións, eles e EU-IU, polo tanto iso parécelles ben. Pero o equipo de goberno o que fai é maquillar o tema, porque o que lle quitan á oposición non é destinado a investimento, senón que o que fan é embolsarcelo eles. Iso é o que é inmoral.

Di que o Sr. Salcines e algún compañeiro máis van a cobrar asistencias, que non están nesa partida, así que afirman que baixan un 5,6%, pero en realidade o que fan é repartir o que cobran en dúas partidas, unha é esta, que realmente si baixa, a pesar de meter tres concelleiros novos e dous cargos de confianza para ese partido, pero os outros concelleiros están dentro doutra partida, co cal se os veciños non len o orzamento con moita atención non se enteran. Di que esa é a páxina 77, dúas páxinas, unha primeira e unha segunda.

Continúa dicindo que hoxe anunciaron o pacto, pero iso foi porque os pillaron. Non querían falar do pacto, presentaron os orzamentos hai uns días e do pacto non quixeron falar, porque estaba escondido na páxina 77. Interesáballes aprobar hoxe os orzamentos, e dentro duns días facer público o pacto, de xeito que os veciños de Cambre o ían absorber en dúas fases. Pero na páxina 77 pódense ver os orzamentos do pacto.

Di que o Sr. Salcines fala de porcentaxes de diminución, pero que non lles di que as axudas de custo, que é o que van a cobrar eles, aumentan de 68.000 a 95.000 euros, un 40%, iso non llelo dixo antes.

Como antes comentou o voceiro de EU-IU, o equipo de goberno é incapaz de xerar ingresos, iso é algo que veñen denunciando dende hai moitísimo tempo. Non traballan e non escoitan as propostas da oposición, non escoitan as propostas de actualizar as licenzas de actividade, as licenzas de primeira ocupación dos edificios, de que paguen todos os veciños, de evitar os 400.000 m³ de auga que se perden cada ano, etc. Non traballan nin escoitan, e así é que os orzamentos de Cambre xeran cada ano un millón e medio de ingresos menos.

Di que o PP invitou a todos os partidos a semana pasada para falar, o PSOE contestou que para falar do que querían falar non falaban con eles, e o BNG atópase en fase de revisar a axenda. EU-IU si que falou con eles, e comparten plenamente a situación en Cambre, e o mesmo pasa co PG. Pero o certo é que eles son 10 e o equipo de goberno son 11, aínda que ata hai uns días non sabían cantos eran.

A el o que lle asombra é que o Sr. alcalde, nesta situación, non sinta vergonza, senón que acuse ao PP de facer demagogia. Non o entende, ata agora estaba calado, pero agora xa pasou á acción, e di que fan demagogia. Pregúntalle ao Sr. alcalde se pensa que a solución ao que está a pasar en Cambre é que á Concellería de Obras se lle quite o orzamento de 600.000 euros e que o asuma a súa, a de Urbanismo. A Concellería de Obras agora é de Medio Ambiente, pero é que medio ambiente está xestionado por Augaservi, que é a que cobra a auga e a rede de sumidoiros. Desta forma vai a haber unha concellería que vai a ter unha concelleira con media dedicación, pero que non vai a ter atribucións, senón que as vai a asumir o Sr. alcalde.

Tamén lle quere preguntar ao Sr. alcalde se distingue a diferenza entre cantidade e calidade, porque neste momento é alcalde, concelleiro delegado de Presidencia e Réxime Interior, e tamén asume as competencias de Obras, por iso lle pregunta se pensa que cantidade e calidade é o mesmo, evidentemente non. O único que aquí hai de calidade é o seu voto cando hai empate.

Pregunta ao Sr. alcalde se sabe que os 200.000 euros que vai a custar o pacto, se se destinasen a investimento, que por certo o investimento se reduce nun 40%, eses 200.000 euros, xunto coas subvencións doutras administracións, representarían 1 millón de euros para investimentos en Cambre. Di que claro que o sabe pero que non o pode dicir.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que o Sr. Cubeiro se instala na mentira e está cómodo nela, porque ten discurso. Di que é certo que o equipo de goberno ten moitos defectos na xestión, pero que para velos hai que traballar, saír á rúa, pero que a mentira é moi cómoda, porque un pode montala na súa casa dende o sofá.

Di que só lle quere preguntar ao Sr. Cubeiro que poñía na partida de salario do concelleiro do BNG na primeira folla e canto na segunda. Di que lle contesta el mesmo, na primeira folla poñía 23.500 euros, na segunda folla pon o mesmo.

O Sr. Cubeiro di que ten que facer referencia á páxina 77. Que na primeira páxina poñía asesor, asesor, asesor en xestión de proxectos e secretaria de grupo. Agora hai outro máis que é secretaria de grupo de goberno, asesor en xestión de proxectos, asesora en comunicacións, e dous asesores, que non saben que cargos van a desempeñar. Aquí é onde

están facendo maquillaxe, e despois esta partida, se non os descubriran, a modificaban. Dille ao Sr. Salcines que non diga tonterías.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que lle pode rebater unha tras outra, e que non sabe como non se ruboriza. Di que está asombrado, que a partida do concelleiro de dedicación exclusiva é de 23.500 euros, e que todo o mundo sabe, porque se aprobou nun pleno, que antes había tres persoas de confianza, e agora baixaron a dúas. O que aparece nas columnas é primeiro semestre e segundo semestre, e o que o Sr. Cubeiro fixo foi sumar os semestres. Di que segue coa mesma dúbida de se é ignorante ou mentiroso.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, en primeiro lugar e como unha cuestión de orde, o seu grupo reclama que se aplique o regulamento nas quendas de intervención, xa non di na duración, porque é lóxico que un tema como o de hoxe precise de que se estendan no tempo, pero polo menos que si se respecte a orde das quendas.

Di que é difícilísimo discutir cando o ambiente no que se discute, ou as persoas coas que se discute, amosan unha falta de rigor tan inmensa. Eles non van a cuestionar que a posición do PP, ou de outros, sexa favorable ou sexa contraria a determinadas cousas que se propoñen, para eles iso é absolutamente lexítimo, pero o que non lles parece lexítimo é enredar con mentiras, con trucos, con manipulacións, con medias verdades, e amosando unha ignorancia impresionante como xa tiveron ocasión de ver en comunicados de prensa, na comisión informativa de onte, e mesmo hoxe. Polo menos parece que a cualificación de ilegal xa a retiraron, agora só é inmoral, van ter que ir enfronte, a falar con don Manuel para ver en que punto é inmoral, porque el é a autoridade competente nese tema, e di isto, por suposto, con todos os respectos. En todo caso, que os orzamentos sexan inmorais é algo que entra dentro do subxectivo, da opinión persoal de cada quen, e cada quen pode defender as súas cousas.

Di que el non quería entrar, nin pensa facelo, en todo ese truco de cifras, porque é dunha ignorancia absoluta non saber interpretar unha táboa e saber o que pon. Saber cando rematan os postos de traballo e cando comezan é, realmente, algo inexplicable nunha persoa que é propietaria dunha empresa medianamente importante, e tamén noutra xente. En calquera caso é normal que as persoas que están en política non saiban determinadas cousas, pero cando veñen a falar publicamente o menos que poderían facer é asesorarse. Iso como mostra de respecto para eles mesmos, cara á corporación na que están representados e respecto a todos os veciños e veciñas.

Di que, en todo caso, o que si están descubrindo é que tarde, pero polo menos o PP vai aprendendo algo. Fai catro ou cinco meses el lembra que neste mesmo pleno, ante unha análise feita polo voceiro do PP ante a situación de desgobierno, de incapacidade, de mala xestión que tiña o goberno en minoría de Cambre, el mesmo lle deu a razón e lle dixo que deixaran de falar e que tomasen medidas, que asumisen o seu papel como principal forza da oposición e que fixesen unha proposta. Iso fixo catro meses despois, cando evidentemente xa era tarde porque había outras cousas encamiñadas.

Cando o BNG nas comisións informativas e no pleno do mes de abril, non estivo de acordo co orzamento, non porque fora ilegal nin inmoral, senón simplemente porque non estaba de acordo, e pediu a súa retirada, parece que tomaron nota e agora, tres meses despois, tamén o pide o PP. Está ben que vaian aprendendo cousas, o que pasa é que teñen que ir achegando esa aprendizaxe ao momento preciso e ao momento oportuno no que hai que facelo, porque dálle a impresión de que están chegando tarde, e para iso, como non hai rigor, como hai ignorancia ou como hai mala fe, o que vale é a mentira. Non teñen por que estar de acordo con isto, co que propoña ou deixe de propoñer o BNG, cos acordos posibles, iso non é o problema, o problema é que hai que defendelo con bos argumentos, con argumentos políticos, e non con mentiras nin con demostracións de ignorancia.

Continúa dicindo que no pleno ordinario do 30 de abril o BNG pediu, baseándose en razóns de tipo técnico, de contidos do orzamento, a súa retirada. Pero fundamentalmente o pediron por unha cuestión de orde político e de confianza, porque pensaban que nin ese orzamento nin calquera outro que se propuxese, podía ser xestionado coa capacidade do goberno actual, por iso pediron a súa retirada e anunciaron o seu voto negativo.

Con agrado e satisfacción recibiron a contestación de que efectivamente foi retirado e publicamente quedaron emprazados a facer un proceso negociador sobre os orzamentos, cousa que se puxeron a facer nas seguintes datas. Quere dicir que, non nas cuestións técnicas, pero si nas cuestións fundamentais pronto foi fácil poñerse de acordo, e logo foron os técnicos os que se encargaron de ir elaborando todas as cuestións.

Di que cando se comprometeron a ese proceso negociador, e cando o iniciaron, o BNG puxo sobre a mesa unha serie de puntos que lles parecían fundamentais e que había que ter en conta: a austeridade que permitira a conxelación e os recortes de gastos que foran prescindibles, o manter o gasto de tipo social e aumentalo para dar cobertura dentro do posible ás persoas máis necesitadas, intentar aumentar ao máximo os investimentos para obter os equipamentos dos que se carece e as infraestruturas que todos levan demandando dende fai un montón de tempo, para que sirvan como estímulo á economía local nunha

situación de crise como na que están, que se intentaran recoller ao máximo posible tamén todos os acordos que se teñen acadado no pleno, e que unha vez tras outra todas as forzas políticas na oposición denunciaron que non se estaban cumprindo, así como definir unhas liñas de actuación económica e política, non só para o remate deste exercicio senón que tamén serviran para indicar o camiño para os seguintes exercicios.

Di que iso foi o que fixeron, e que coas cifras que deu o concelleiro de Facenda, nas que non vai a entrar porque pensa que son suficientemente evidentes e están recollidas no documento que todos teñen, vese que se reducen os importes dalgunhas partidas e a conxelación doutras, que se producen os aumentos necesarios nas partidas de carácter social para as persoas que máis o necesitan, tal e como pensa que todos os grupos demandaban, e prodúcese de maneira especial tamén unha petición que fixo o BNG dun recorte exemplarizante nos salarios políticos da corporación, nos cales se inclúen a todos, aos que están na oposición e aos que están gobernando. Di que iso traducíuse nunha rebaixa xeral para todos os salarios dun 5%, no que se inclúe aos cargos políticos e persoal de confianza. É unha porcentaxe superior ao 3% que non hai moitos días escoitou falar a dona Esperanza Aguirre, presidenta da Comunidade de Madrid, que lle daba instrucións ao PP para que estendera esa rebaixa do 3% a todos os cargos públicos da súa comunidade autónoma. Tamén se reduce das tres persoas que había no gabinete de persoal de confianza a dúas, coa mesma rebaixa do 5% que se fai aos cargos políticos.

Continúa dicindo que iso é un exemplo dalgunhas das cuestións, e que as outras cifras xa saíron por aí comentadas, e son as que son, e non teñen volta de folla.

En canto aos investimentos, no orzamento, pola lóxica contrapartida do financiamento, do ingreso, non pode ir todo. Evidentemente, pode ir unha parte ata o remate do exercicio, pode ir outra parte importante en concepto de gastos plurianuais e están tamén os compromisos da xestión dos diferentes plans que veñen subvencionados por proxectos tanto do goberno do Estado como das diferentes institucións, e axilizar a súa continuidade nos próximos dous anos.

Tamén se comprometeron a axilizar a tramitación e a contratación de todas as obras previstas, a incorporar os excedentes de exercicios anteriores que viñan algúns deles de proxectos xa do ano 2000, pero que estaban sen iniciar ningún tipo de tramitación e sen sinal de ser executados. Toda a suma destas cantidades é o que ven dando un investimento previsto, para os próximos dous ou tres anos, en torno aos catro millóns de euros.

Di que algunhas das obras máis importantes xa se citaron antes, pero o BNG quería facer especial mención aos temas de seguridade viaria e ás sendas. Así, neste orzamento vai contemplada a continuidade dalgúns proxectos que estaban en marcha, pero tamén o inicio doutros que eran demandas veciñais, como Pravio, Sigrás, o contorno de Cambre, etc. Pensa que iso é do interese dos veciños e veciñas de Cambre, non sabe se tamén é do interese das demais forzas políticas.

Continúa dicindo que todo isto ía acompañado doutra serie de medidas políticas, que xa verán se saen adiante ou non, porque o primeiro paso que hai que dar é a aprobación do orzamento. Son compromisos de xestión na medida en que pensa que todos os grupos coincidían en que en Cambre había uns índices de desgobierno e ineficacia que eran absolutamente preocupantes cando xa están na metade da lexislatura. Fala de iniciar, de maneira consensuada e discutida cos actores afectados, que serían os funcionarios, pero tamén co resto das forzas políticas, o procedemento para a reforma e modernización da administración municipal. Tamén iniciar os procedementos de mellora da participación dos grupos políticos e sobre todo da participación cidadá no concello. E todas estas cousas sen que se incremente a presión fiscal por habitante.

En todo caso, dentro deste contexto de crise, e dentro do contexto de que hai moitas cousas que solucionar e recuperar, o BNG pensa que estes son uns orzamentos ambiciosos, que cumpren cos principios que eles puxeron para a negociación, e que son uns orzamentos posibles. Ao seu modo de ver só lles falta unha condición, que é contar cun órgano xestor, cun goberno que sexa capaz, eficiente, e que poida levalos adiante, e dende logo contar coa lealdade e coa cooperación crítica de todos os grupos, estean no goberno ou estean na oposición, pensando que esas cousas, esas obras, eses equipamentos e eses programas son realmente as cuestións das que terían que falar e as que lle preocupan á xente que están representando.

Conclúe dicindo que, por todas esas razóns, o BNG ten decidido o seu apoio aos orzamentos. Di que non son os orzamentos perfectos se os miran exclusivamente dende o punto de vista do BNG, non son os orzamentos do BNG, pero si son os orzamentos posibles dentro dunha corporación como é a de Cambre. Todo iso unido a un órgano con capacidade xestora para levalos adiante, coa colaboración de todos. O BNG ofreceu esa colaboración e vai votar a prol.

Don Felipe Andreu Barallobre solicita a palabra por alusións, xa que di que se falou moito do PP.

Don José Venancio Salcines Cristal sinala que o PP non pode estar falando cada vez que hai unha intervención.

O Sr. alcalde manifesta que neste momento concede a palabra ao voceiro de EU-IU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que tamén el quere falar por alusións que se fixeron na intervención do PP respecto do seu partido, cando citaron a xuntanza que tiveron o pasado martes, e que, por certo, baixo o seu punto de vista, transcorreu na mellor normalidade, e así o dixo o Sr. Cubeiro, cando falou de que todos compartían a situación existente no Concello de Cambre. Pero quere dicir, para que se entere todo o mundo, que para el o Sr. Cubeiro ten unha dobre moral. Acaba de dicir que todos compartían a situación existente en Cambre, pero onte, nunha nota de prensa, o PP dixo que todos os partidos, salvo o Galeguista, lles tiñan asegurado que se encontraban cómodos coa situación. Pregúntalle ao Sr. Cubeiro onde os dous concelleiros de EU-IU dixeron semellante calumnia. Dille que está calumniando e mentindo, que ten unha dobre moral, e que acaba de corroboralo agora, cando dixo que compartían os problemas existentes no Concello de Cambre.

Don Nicolás Cubeiro Martínez pide permiso ao Sr. alcalde para falar, xa que considera que isto non o pode deixar pasar, que ten que contestalo agora, porque é algo moi grave.

Don José Venancio Salcines Cristal dille que respecte a súa vez, porque cando el insulta é clarísimo, pero cando se dirixen a el, entón é gravísimo.

Don Nicolás Cubeiro pídlle ao Sr. Salcines que cale e solicita ao Sr. alcalde que lle permita falar.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir que termine a súa intervención o Sr. Taibo Casás.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, respecto dos orzamentos, alédase que despois de multitude de solicitudes, por fin chegue un documento concreto ao concello, sobre o que poder debater, e aprobar ou non aprobar. Uns orzamentos que estaba previsto que se aprobasen no mes de abril, coa abstención do PP, deron un xiro completamente distinto como resultado da petición do BNG, que solicitou que quedaran sobre a mesa, co obxectivo, segundo dixeron, de sacar uns mellores orzamentos para o pobo de Cambre.

Di que para EU-IU o aprazamento do pleno dos orzamentos obedeceu claramente a unha estratexia para gañar tempo cara a unha negociación e un pacto de goberno entre o PSOE e

o BNG. É algo para o que están lexitimados e, nese sentido, o seu grupo non ten nada que obxectar, pero houbo diversos problemas que foron xurdindo e que os levaron ata o día de hoxe.

Continúa dicindo que se lles presentan uns orzamentos, nun momento de crise global, cuxa característica máis relevante é a falta de partidas para investimentos, o que provoca que sexa un orzamento profundamente continuísta na súa práctica. Observan unha redución do 4,16% do total do orzamento, e ademais, no capítulo de investimentos reais unha redución do 37,08%. Isto quere dicir que, a pesar do aumento da presión fiscal, non foron capaces de igualar o recadado no presente ano. Figuran uns gastos comprometidos, cun 81% en gasto corrente, e 18% en investimento de capital.

Pero, á parte diso, gran parte dos investimentos para o presente ano enmárcanse dentro dos distintos proxectos de ámbito supramunicipal, é dicir, proxecto Arume, Fondo de Investimento Local, e Plan de obras e servizos da Deputación. Iso quere dicir que Cambre non xera diñeiro para investimentos, motivado, fundamentalmente, no parón da actividade na construción, e como consecuencia da carencia dun Plan xeral de ordenación municipal que eles consideran absolutamente indispensable para a obtención de recursos e o desenvolvemento de Cambre neste momento de crise.

Nese sentido quere salientar o recollido no informe de Intervención, onde unha vez máis fai unha reflexión da dificultade do concello para financiar novos investimentos, sendo este ano o peor dos últimos tres, e previsiblemente continuará baixando. Aconsella o informe que se debería axilizar e planificar mellor a xestión, co obxectivo de evitar unha baixa na execución dos proxectos.

Continúa dicindo que, evidentemente, o problema do financiamento non é exclusivo do Concello de Cambre. Son conscientes dos poucos recursos das administracións locais, e da de Cambre en particular. Di que non hai que esquecer que eses problemas fóronse agravando de xeito bastante importante e irresponsable, por unha mala xestión dos recursos públicos ao longo de moito tempo, así como pola incapacidade de quen gobernou durante moitos anos, que simplifica nunha herdanza dun concello case paralizado.

Por outra parte, eles consideran acertado o recorte dun 5% no salario. Todo o que supoña aforro é importante, pero sempre que realmente revirta nas arcas municipais. O que ocorre na realidade é distinto, desvístese un santo para vestir outro. Eles discrepan totalmente co destino do diñeiro aforrado. Tratan con eses cambios de obter diñeiro para unha dedicación exclusiva máis, e dúas parciais, para os seus socios de goberno. Por outra banda observan

un incremento do 40,5%, uns 27.000 euros, nas axudas de custo de cargos electivos co fin de repartir o que queda da tarta.

Di que o concelleiro de Facenda sabe perfectamente da súa proposta respecto dos soldos e asignacións por asistencias, un recorte dun 5% para todos, e cando di para todos refírese ao goberno e á oposición, incluíndo as axudas de custo por asistencia a órganos colexiados, plenos, comisións, e así asignar diñeiro a temas tan importantes como son a creación de emprego, ou sistemas sociais.

Queren dicir que deberían ter en conta que as persoas que deciden dedicarse á política non deben, ao seu criterio, facer desta actividade unha profesión. Cos soldos de Cambre a política comeza a ser unha actividade excesivamente remunerada á custa dos contribuíntes.

Di que ante a situación de inestabilidade política no goberno local nos dous últimos anos, o concelleiro de Facenda pretendeu chegar a acordos e pactos cos grupos da oposición, e ofreceu a EU-IU formar parte do goberno para así buscar maiorías numéricas. Eles negáronse e explicáronlle, unha vez máis, a súa negativa a facer ningún pacto, cuestión que a súa formación política ten manifestado dende antes das eleccións municipais, e que seguen mantendo sen cambiar absolutamente nada. Existen, ao seu entender, antecedentes máis que suficientes para non votar a prol dos orzamentos, nin formar parte do goberno.

Dille ao Sr. Salcines que se equivocaron co seu grupo, cando utilizaron a política do mercadeo, ofrecéndolles dedicacións exclusivas a cambio de formar parte do goberno, sen obedecer a máis criterio que conseguir maiorías numéricas. Di que senten indignación e certa vergonza allea neses ofrecementos, dálles a impresión que están acostumados a arranxar as cousas a golpe de talón. Eles por principios teñen algo moi claro, que á política vense para traballar en beneficio do concello e dos veciños, pero non a facer da política unha profesión excelentemente remunerada, como se demostra no documento que están a debater.

Continúa dicindo que outro condicionante a ter en conta, non menos importante, é a falta de confianza nos actuais gobernantes, que teñen ao concello inmerso nunha convulsión política onde a desconfianza e a parálise municipal, unida ao desgoberno, está sendo a dinámica existente.

Di que cumpridos dous anos da actual lexislatura, para o seu grupo poderían resumirse como a historia de dous fracasos, a dos partidos maioritarios na busca de estabilidade. Primeiro a do partido do goberno, que non foi capaz en dous anos de facer un equipo

cohesionado e dar resposta ás múltiples necesidades de Cambre. E segundo, a do partido maioritario da oposición, que en vez de buscar alternativas para reconducir a situación, dedicouse a difamar, mentir e facer campaña para as próximas eleccións municipais.

Di que o seu grupo quere facer unha serie de reflexións que consideran necesarias á hora de fundamentar e decidir o seu voto negativo aos orzamentos do 2009. A súa desconfianza no goberno municipal foise acentuando ao longo do tempo, motivada en moitos casos por actitudes pouco serias e, nalgúns casos, pouco democráticas dos responsables das distintas áreas de goberno. Di que despertaron certa desconfianza nas súas pretensións cando lles ofreceron partidas para obras e accións, que no caso concreto do seu grupo xa foran aprobadas en pleno, por exemplo fala, en primeiro lugar, da partida destinada á adquisición duns terreos para a parroquia de Cela, que lles alegra que vaia nos orzamentos, pero que son 20.000 euros, e cre lembrar que xa no ano 2007 había unha partida de 48.000. En segundo lugar, van 20.000 euros para a creación dun obradoiro de emprego co fin de favorecer a economía local, crear postos de traballo para formar persoas mediante a escola-taller, e como un instrumento de inserción xuvenil e para a mellora da súa cualificación, parécelle que a cantidade é irrisoria e tampouco ten claro de que se dispoña de locais para facer esa escola-taller. En terceiro lugar, está o destino dunha partida orzamentaria que o seu grupo pediu non fora inferior ao 3% do orzamento, para a creación de emprego no concello, onde se incluíría a contratación de traballadores e traballadoras para desenvolver traballos de utilidade común, como se recollía na moción que presentaron de rehabilitación de fontes, lavadoiros e arquitectura popular. Parécelles que nese sentido a diminución do orzamento debe ser do 24% respecto ao ano anterior.

Dille ao Sr. Salcines que se alegran de que se vaian a crear unha serie de empregos por contratación pero que, en calquera caso, non se cumpren os obxectivos da súa formación política. Xa manifestaron nun pleno que un obxectivo básico para eles era colocar a loita contra o desemprego como unha prioridade ao longo do ano 2009, o que estaría en consoancia cos problemas e necesidades máis inmediatas dos veciños e veciñas. Di que apostaron por un cambio real na orde de prioridades, onde as necesidades das persoas e das súas familias se teñan en conta dunha maneira especial, recoñecendo que non hai solucións máxicas para saír da crise, pero si políticas que poidan contribuír a melloralas.

Di que para o seu grupo é legalmente esixible o cumprimento dos acordos en relación coas mocións presentadas. Nese sentido seguirán traballando para que se executen sen máis condicións. Os investimentos dos que falan deben ser realizados, por estar debatidos e aprobados polo pleno municipal, que é o máximo órgano soberano e de debate do concello, á marxe de apoios ou non apoios aos orzamentos.

Sinala que como xa ocorría nos anteriores orzamentos non se incluíron formas e maneiras de participación por parte dos veciños e veciñas, que seguramente houberan enriquecido a xestión municipal, incluso a democracia. Unha vez máis volve a desprezarse a participación veciñal, onde as persoas a título individual ou colectivo puideran ser tidas en conta nun proceso participativo que lles permitira decidir sobre que investimentos son máis necesarios e cales son as súas preferencias e necesidades, concretando unha participación máis directa na política local. Levar a cabo uns orzamentos participativos, dentro do marco dun Regulamento de participación cidadá, o cal son incapaces de dar a luz. Parécelles irrisorio que se destinen nada máis que 5000 euros a esa partida.

Unha vez máis observan a improvisación e a falta dun compromiso serio, que vaia máis aló da declaración de boas intencións por parte do responsable de Facenda, aínda que teñen que recoñecer que fixo un grande esforzo para contar co apoio do seu grupo. Pero tamén comprobaron nestes días que a realidade do concello é ben distinta na concreción das propostas e pretensións, sobre todo pola propia debilidade do goberno e polo seu afán de chegar a acordos de urxencia.

Di que falou anteriormente de actitudes, referíase á actitude de persoas que están a gobernar Cambre. Non é serio que os responsables das distintas áreas estean aprobando diversas iniciativas dos outros grupos e logo non se transformen en realidade. Por outra banda observaron como se vai a investir o diñeiro en máis dedicacións exclusivas e parciais, en aumentar as axudas de custo por asistencia a plenos, comisións, xuntas de goberno, etc., todo iso en prexuízo do municipio e dos seus veciños e veciñas.

Di que tampouco poden esquecer a actitude dalgún responsable do goberno que no seu ánimo de condicionar a libre liberdade que teñen, como representantes dos veciños e veciñas, para controlar e fiscalizar a súa xestión da política municipal, se dedica a ameazalos con denuncialos á Garda Civil, polo mero feito de pedirlle explicacións nun pleno sobre un escrito presentado por un traballador do concello en relación a problemas xurdidos nun departamento concreto. Este feito é para eles intolerable, ou cando menos reprochable. A próxima vez diranlles que actúen, porque non consinten nin ameazas nin coaccións.

Xa lle lembrou ao Sr. alcalde o ano pasado, e volve lembrarllor agora, que os veciños de Cambre seguen sen contar cun área de espaxamento debidamente acondicionada.

Pregúntalle que fixeron coas súas propostas de xestionar o acondicionamento dun área de recreo e baño nas ribeiras do río Mero. Di que non fixeron nada, só reprochar a súa proposta e case que criminalizala, iso coa complicidade doutros grupos.

Séguese sen contar cun plan xeral de asfaltado e acondicionamento de camiños, seguen esperando polos servizos de saneamento en varias parroquias, seguen sen partidas para poñer en funcionamento o Consello Escolar Municipal, non se contempla no orzamento a elaboración e posta en funcionamento do Regulamento de participación cidadá, non existen alternativas para solucionar os diversos problemas de aparcamento que hai en varios sitios do concello, seguen baixo mínimos en seguridade viaria. Son exemplos das múltiples iniciativas presentadas por EU-IU, e que están esquecidas, como xa lles lembraron no anterior pleno. Levan presentadas 36 mocións, 134 rogos e 171 preguntas, a maioría deles esquecidos nos caixóns do concello.

Explica que EU-IU seguirá facendo unha oposición seria, rigorosa e construtiva. Non van a facer política de terra queimada, seguirán presentando propostas e lembrándolles que dean cumprimento ás aprobadas, apoiarán todas as que consideren que son en beneficio dos veciños e veciñas veñan do grupo que veñan, pero en ningún caso van a ser o monicreque de ninguén, nin dar un cheque en branco a esta maneira de gobernar. Di que se existe un pacto, como parece ser que existe, desexan a mellor sorte, polo ben dos veciños e do pobo de Cambre.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, o voto do seu grupo vai ser en contra, xa que de ningún xeito poden asumir a responsabilidade de apoiar a un goberno local no que non cren, e que é incapaz de gobernar. Pensan que o xeito de levar adiante as negociacións non foi máis que un exemplo da falta de capacidade política para chegar a acordos e, sobre todo, dálles unha visión xeral do desgobro existente e a crise interna que está sufrindo o propio grupo de goberno. Para o seu grupo abundan razóns máis que suficientes para non votar a prol dos orzamentos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o que lle quere dicir ao voceiro do BNG é que entende moi ben a súa agresividade, o seu ímpeto, ao defender a súa postura, sobre todo porque está a defender o seu soldo para os próximos dous anos, así que entende que o defenda con carácter, con rigorosidade, e sobre todo atacando a quen non lle quere permitir que faga esa desfeita cos orzamentos e co diñeiro dos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide ao Sr. alcalde que interveña.

O Sr. Andreu Barallobre di que el está falando por alusións que se fixeron.

O Sr. alcalde sinala que cando antes quixo falar o Sr. Cubeiro era en alusión ás manifestacións que fixera o Sr. Taibo Casás, voceiro de EU-IU, e que nese sentido pode intervir agora.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que só quere dicir que o pensou mellor e que non vai a contestar ao voceiro de EU-IU, cre que é moi desafortunado o que dixo, e que probablemente sexa porque aínda pode haber na recámara novos concelleiros, ignora se é iso, pero que dende logo foi moi desagradable e desafortunado o que dixo.

O Sr. alcalde di que tamén el lle quere lembrar ao Sr. Cubeiro que antes dixo que o PP non se reunira co PSOE, pero que con el si que se reuniron, e que tamén é xusto dicir e que se saiba que houbo esa reunión co alcalde.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, así o recoñece, e don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que se non o dixo foi por un despiste, pero que si é verdade que falaron co alcalde, que foi unha conversa cordial, como de costume, xa que o alcalde é un encantador de serpes e os veciños sempre saen, en xeral, ben.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás recoñece que é certo que, seguramente, moitas veces estas cousas non se deberían de producir, pero que hai que ter en conta que a prensa recolle o que recolle, e a prensa foi a que puxo que todos os partidos, agás o Galeguista, tiñan asegurado que estaban cómodos coa situación. Iso é o que dixo que era mentira. Hai unha gran diferenza nos matices, e quere deixar claro que o seu grupo en ningún momento dixo iso na reunión mantida co PP, unha reunión que é certo foi na maior cordialidade, pero que non poden consentir que quede iso na prensa porque eles tamén mandan notas de prensa, pero teñen a mala sorte de que non lles publican nada.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el non se vai a estender moito no tema, simplemente quere que se lle contesten unhas cuestións que lle gustaría ter máis claras do que as ten. Polo que se dixo antes, talvez sexa porque debe de ser un ignorante, porque parece que os que están sentados do seu lado son ignorantes ou incompetentes.

Di que quere saber por que cando se fala do tema do goberno aparece a Concellería de Presidencia, Planificación e Réxime Interior cunha dedicación parcial por un importe de 12.800 euros, gustaríalle saber quen a cobraba neste exercicio pasado, porque cando se aprobou o orzamento do ano pasado el ten entendido que esa partida non existía, xa que a persoa que tería que cobrala era o Sr. Varela Tejedor, e ao principio do mandato desta lexislatura ese concelleiro renunciou a ela. Supón que el non a cobrou, porque xa tiña renunciado a ela, e se non o fixo pregunta por que se reflicte agora para xustificar un gasto do exercicio pasado. Pregunta se cando o Sr. alcalde asumiu as funcións que tiña delegadas o Sr. Varela Tejedor, tamén pasou a cobrar esa media dedicación ademais da súa. Ten esa dúbida e ten moitas máis, pero gustaríalle saber, en primeiro lugar, que pasa con esa dedicación parcial de 12.800 euros que aparece no primeiro semestre e que no seguinte semestre desaparece, di que supón que se dividiu en semestres para non escandalizar coas cantidades. Pregunta por que figura no primeiro semestre se o Sr. Varela Tejedor non a cobraba, di que non o entende, e que ao mellor é que tamén el é un ignorante que non entende as táboas.

Outra pregunta que fai é por que se vai a duplicar a asistencia a plenos xusto neste momento, e non antes, pode que sexa porque antes os que estaban no goberno non cobraban as asistencias a plenos porque xa tiñan un soldo asignado. Só as cobraban os da oposición, agora como outros van a pasar a esa situación, dúplícase o pago das asistencias a plenos, supón que tamén se creará a Xunta de Coordinación, á cal non van os da oposición, e que terá un bo salario para entrar, para seguir cobrando o mesmo que estaban cobrando. Di que en vez de cinco dedicacións parciais máis a exclusiva do Sr. alcalde, pásase a cobrar once, camufladas ou non, pero serán once. Pide que lle expliquen, que lle digan que pasa con esa dedicación da que non fala ninguén, que se supón que non a cobra ninguén, ou iso cre, porque pode que a repartiran entre o resto de concelleiros.

Continúa dicindo que tamén lle gustaría que alguén lle explicase se cando din que teñen un concello saneado, e que se teñen que sentir orgullosos, os que se teñen que sentir así son os veciños ou o goberno municipal. Di que se pode presumir de telo saneado, pero que a triste realidade é que na liquidación do estado de gastos do exercicio 2007 aparecen uns remanentes de crédito non comprometidos por un importe de 5.241.000 euros, di que así claro que está saneado, porque non se fixo nada. No exercicio 2008 o remanente de crédito non comprometido é de 6.841.000 euros, pero aínda por enriba páganse intereses por créditos que teñen pedidos. Os que poden estar orgullosos son os dos bancos que son os que teñen eses cartos. Os veciños do concello poden presumir dun concello saneado, porque os petos dos concelleiros están saneados, pero os veciños están sen servizos.

Pídelles que non veñan a chamalos ignorantes, porque iso é o que poñen nos papeis que eles lles deron, non está a inventalo.

Conclúe dicindo que non se vai a estender máis, porque non merece a pena, simplemente quere desexarlles sorte e que poidan seguir enchendo os seus petos, a ver se coas novas incorporacións se traballa un pouco máis e os veciños por fin poden gozar dos cartos que pagan e de investimentos, porque nos orzamentos non marcan ningún, senón que baixan un 37% os investimentos reais para o vindeiro exercicio. A oposición non fai demagogia, nin minte na prensa, porque a realidade son os papeis que eles mesmos lles dan. Por todo isto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que o obxectivo deste goberno é conseguir unha maioría de esquerdas e de progreso para Cambre. É certo que el falou cos outros grupos moitas veces, pero cando o Sr. Taibo falou de mercadeo pensa que se excede, porque con el nunca ten falado de salarios. Di que é certo que dixo que en caso de acadar un acordo, e sempre que así o decidise todo o equipo de goberno, porque non é unha decisión persoal súa, podería resultar algunha dedicación se alguén se quixese integrar no goberno, pero pregúntalle ao Sr. Taibo se algunha vez falou con el dalgún soldo, dalgunha cantidade económica. Gustaríalle que quedara claro que diso el nunca lle falou.

Continúa dicindo que sempre viron a EU-IU como un grupo municipal que traballa duro, como se pode ver coas mocións que presentan, e nese sentido nunca tiveron problema en alabar o seu traballo. Froito dese traballo está o feito de que teñan recollido algunha das súas propostas nos orzamentos, porque son positivas, e aínda sabendo que o voto de EU-IU é negativo, recolléronas, non as retiraron, por exemplo, o investimento na parroquia de Cela, o obradoiro de emprego, e a política de persoal.

Di que é certo que EU-IU ten unha desconfianza cara a este goberno, e iso non o poden cambiar, non está nas súas mans, e parécelle que se esa é a súa postura, e así a articulan é algo lóxico e defendible, pero pensa que a palabra mercadeo é excesiva, porque el nunca mercadeou co Sr. Taibo. Di que o que si fixo foi propoñerlle proxectos e investimentos, porque para poder levar investimentos aos sitios necesitan apoios no pleno. Esa sempre foi a súa posición cara a EU-IU, a procura de apoio para levar a cabo investimentos e medidas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lamenta moito ter que falar desta cuestión porque o Sr. Salcines sabe do aprecio persoal que lle ten, pero á política non se ven de corazón, senón que hai que vir de cabeza. Dille ao Sr. Salcines que ten que

ter un pouco de memoria, porque cando el lle falou da palabra mercadeo, referíase a que el lle preguntou se ao seu grupo non lle interesaría unha dedicación, incluso chegou a preguntarlle, e niso sentíronse humillados, en que traballaba o seu compañeiro. Repite que lamenta moito ter que chegar a esta situación, pero non se pode ofrecer unha dedicación a un grupo como EU-IU, non se pode preguntar se lles interesaría entrar no goberno municipal á vez que se pregunta pola actividade á que se dedica un concelleiro, cada un ten a actividade que ten, e é moi digna. Di que iso é o que os cualifica como xente de esquerdas.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que é certo que hai uns días nunha conversa lle preguntou en que traballaba o Sr. Juan Antonio Fernández, pero nunca na vida ten asumido a postura que o Sr. Taibo expón, primeiro porque nin sequera ten competencia para facer iso, e ademais non é a súa postura. O que falou con eles foi que se houbera un pacto de goberno sería normal que algún dos concelleiros de EU-IU se integrase no equipo de goberno, pero dende logo, el ten ao Sr. Taibo en moito aprezo, e se lle ten entendido o que dixo, o lamenta profundamente porque levan xa un tempo traballando xuntos e ten que saber que ese non é o seu modo de traballar, a súa forma de actuar. Di que nunca se lle ten pasado pola cabeza facer ese tipo de ofrecemento, de feito é algo que lle horroriza e que lle repugna. Tamén lle preocupa que alguén sexa capaz de crer que el é capaz de tomar unha decisión dese tipo. Di que se ten habido algunha conversa e alguén chegou a esa idea, é lamentable. Insístelle en que ten aos concelleiros de EU-IU como xente moi seria, sempre llo ten dito, e nunca se lle ocorrería entrar nese tipo de artimañas que lle parecen desprezables.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di, para rematar, que el non ven aquí a mentir, nin á corporación nin aos veciños de Cambre, pero que o Sr. Salcines lle preguntou, no contexto dunha conversa, se ao seu compañeiro lle interesaría unha dedicación, así de claro foi.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal di que o Sr. Taibo é unha persoa prexubilada, e que o máis normal é que no caso dunha integración de EU-IU no equipo de goberno, esa integración pasase polo seu compañeiro de grupo, e que se lle ten proposto algo é unha postura de cara a traballar, nunca lle ofertou salarios nin soldos, quere que iso quede moi claro.

O Sr. alcalde toma a palabra e dá por terminado este asunto, pedíndolle ao voceiro socialista que continúe contestando ao dito polos demais grupos.

Don José Venancio Salcines Cristal manifesta que lle parece lamentable o sucedido, e que se teña chegado a ese tipo de debates aquí, cando está claro que, ademais, ese tipo de decisións as toma o grupo municipal e non el persoalmente.

Continúa dicindo que, en canto á intervención do Partido Galeguista, o que se recolle nos orzamentos é a valoración do cadro de persoal do 2009, e o que se indica nela é o custo dos postos de traballo, non indica que alguén os estea desempeñando. É dicir, o concelleiro de Presidencia, Planificación e Réxime Interior nunca ten cobrado ese salario, o mesmo ocorre co posto de asesora de comunicacións que figura máis abaixo, co seu importe polos seis meses, cando todos saben que leva vacante moito máis deses seis meses. Trátase do custo dos salarios para o caso de que alguén os ocupase, pero o concelleiro de Presidencia polas razóns que todo o mundo coñece, porque son públicas, nunca ten cobrado ese salario. Trátase dunha das partidas que integran o remanente.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez pregúntalle ao Sr. Salcines se os está a tratar de tontos, porque polo traballo que están a facer non debería cobrar ningún deles e debería quedar todo para o remanente.

O Sr. alcalde pídelles ao Sr. Marante que manteña a orde, e explica que ese diñeiro ninguén o cobrou.

O Sr. Marante di que xa lles explicou as cousas o Sr. Salcines e que non fai falta que tamén lles explique o Sr. alcalde.

O Sr. alcalde responde que hai que dicir e saber onde están as cousas. É un diñeiro que non se gastou e está aí, ninguén o levou.

O Sr. Marante responde que el non está a dicir que se cobrara a dedicación, o que dixo foi que se o concelleiro non a cobraba e o ano pasado se aprobou os orzamentos sen cobrala, entón pregunta quen a cobrou para que siga reflectida agora, pero non cando se aprobaron os orzamentos do ano pasado. Di que o que se trata é de xustificar que non se sube tanto. Os papeis están aí e os papeis cantan, e os do ano pasado tamén están.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que na valoración si ten que figurar.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que se figura aínda que non se cobre, agarda que tamén pase ao revés, e que así se faga algunha rede de sumidoiros, aínda que non figure nos orzamentos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que quere formular unha cuestión técnica, e que cando antes o Sr. Salcines lle dixo que era ignorante foi porque nunha das dúas páxinas 77, no que se refire ao voceiro do BNG, estaban contabilizando a seguridade social de todo o ano, e que non eran 12.000 euros, senón 6.000. Por outro lado pregúntalle ao voceiro do BNG se dixo na súa intervención que unha das súas intencións respecto do orzamento foi rebaixar o persoal de confianza de cinco a catro.

O Sr. Iglesias dille que o cambio foi de tres a dous.

O Sr. Cubeiro di que entón tamén a nova páxina 77 ten erros, porque o que hai son cinco.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que se está a confundir, que o que pon esa folla é que no primeiro semestre había tres e no segundo vai haber dous.

O Sr. alcalde concede a palabra ao voceiro do BNG, ante o cal o Sr. Andreu Barallobre pregunta se só pode falar o concelleiro do BNG, xa que a el anteriormente non se lle permitiu.

O Sr. Iglesias Oviedo manifesta que el non quere intervir, que só desexa precisar unha cousa que saíu varias veces, e que é, que nos orzamentos figura a denominación “Dedicación exclusiva”, e pon Alcaldía e concellería, pero que en ningún sitio pon dedicación exclusiva do Bloque, nin do voceiro do Bloque.

O Sr. presidente dá por concluído o debate, e sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2009, que ascende a un importe de 16.187.770,06 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	<u>TOTAL</u>
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.620.760,81	1 GASTOS DE PERSOAL	5.658.641,14
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	585.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.272.958,98
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.742.000,11	3 GASTOS FINANCEIROS	243.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.365.187,48	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.000.203,08
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	137.927,23		
Total Operacións Correntes	14.450.875,63	Total Operacións Correntes	13.174.956,11
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	2.261.113,18
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.296.154,84	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	127.312,86
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	430.522,37	9 PASIVOS FINANCEIROS	614.170,69
Total Operacións de Capital	1.736.894,43	Total Operacións de Capital	3.012.813,95
TOTAL INGRESOS	16.187.770,06	TOTAL GASTOS	16.187.770,06

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2009.

Terceiro: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

- 1.- Expediente de xeración de crédito número 1/2009. Importe: 60.000,00 euros.
Motivo: Compromiso achega da Deputación Provincial obra “ Iluminación campo de fútbol de Lendoiro- A Barcala”.
- 2.- Expediente de xeración de crédito número 7/2009. Importe: 100.763,58 euros.
Motivo: Compromiso achega fondos FEDER obra ARUME “Dinamización lugar de Sobreguexe”
- 3.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2009. Importe: 9.100,00 euros.
Motivo: Habilitar crédito suficiente para cobertura interina praza.
- 4.- Expediente de transferencia de crédito número 2/2009. Importe: 14.100,00 euros.
Motivo: Habilitar crédito suficiente para cobertura interina de praza.
- 5.- Expediente de crédito extraordinario número 1/2009. Importe: 6.000,00 euros.
Motivo: Habilitar crédito suficiente para actividades do “Banco de tempo”.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2009.

4º Cadro de persoal

Vista a providencia de Alcaldía de data 1 de xullo actual, e o informe proposta emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 2 de xullo.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 9 de xullo actual.

O Sr. alcalde pide ao público que manteña a orde e manifesta que lamentaría moito ter que expulsar a alguén da sala, pero que se non son capaces de respectar e escoitar terá que facelo.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o problema é que o público só pode escoitar aos que deixa falar o Sr. alcalde, porque el leva tempo querendo falar e non o deixan.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que neste punto hai moi poucos cambios, trataríase de reconverter unha praza de policía local nunha de oficial da policía local, reconverter unha praza de técnico en integración social nunha de educador social, así como eliminar a praza de persoal eventual de secretario/a de grupo de goberno e cambiar a denominación das prazas de asesor de comunicacións e asesor en xestión de proxectos que pasarán a denominarse asesores.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que como se trata dun punto vinculado aos orzamentos, o seu grupo vai votar en contra, todo o que teña que ver con estes orzamentos, absolutamente todo, van a votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o cadro de persoal aprobado polo pleno da corporación en sesión extraordinaria de data 13 de agosto de 2008, en canto ás prazas que a continuación se relacionan:

- Funcionarios:

- a) Reconverter unha praza de policía local nunha de oficial da policía local.
- b) Reconverter unha praza de técnico en integración social nunha de educador social.

- Persoal eventual:

- a) Eliminar a praza de persoal eventual de secretaria/o do grupo de goberno.
- b) Cambiar a denominación das prazas de “asesor/a de comunicacións” e “asesor/a en xestión de proxectos” pola denominación de “asesores”.

Segundo: Aprobar o cadro de persoal para 2009 segundo se transcribe a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIO

Denominación da praza	Prazas	Grupo-Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración Xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios

Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Oficial policía local	3	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	20	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Auxiliar administrativo	25	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Agente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	13	Outra agrupación profesional	Administración Xeral	Subalterna	

PERSOAL LABORAL

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior
Traballadora Social	3	Titulado medio

Coordinador deportivo	1	Bachiller superior ou equivalente
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Graduado escolar ou equivalente
Auxiliar monitora 3ª idade	1	Graduado escolar ou equivalente
Capataz de brigada de obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Conductor	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario conductor	2	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario-servizos	3	Certificado de escolaridade ou equivalente
Asistentas domiciliarias	2	Certificado de escolaridade ou equivalente

PERSOAL EVENTUAL

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a	2
RESUMO	
Persoal funcionario	102
Persoal laboral	26
Persoal eventual	2

5º Relación de postos de traballo

Vista a providencia de Alcaldía de data 1 de xullo actual, e o informe proposta emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 2 de xullo.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 9 de xullo actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar a relación de postos de traballo aprobada polo pleno da corporación en sesión extraordinaria de data 13 de agosto de 2008, segundo se transcribe a continuación:

- a) Eliminar o posto de traballo de persoal eventual de secretaria/o do grupo de goberno.
- b) Cambiar as denominacións dos postos de traballo de “asesor/a de comunicacións” e “asesor/a en xestión de proxectos” polas de “asesores”. Substituíndo a descrición identificativa de ambos pola de “asesoramento especial ao equipo de goberno e colaboración na xestión de proxectos de interese municipal”.
- Os requisitos para o desempeño de ambos postos serán os dun funcionario do grupo “A2” e as súas retribucións serán as mesmas cunha redución do 5%.
- c) Engadir no posto de traballo de “técnico en promoción económica” na súa descrición identificativa as funcións de “Programas europeos. Turismo e xestión do patrimonio histórico.”
- d) Reconverter un posto de traballo de técnico en integración social nun de educador social.
- e) Engadir a un dos postos de traballo de educador social na súa descrición identificativa as funcións de “Intervención social, cooperación e participación cidadá”.
- f) Reconverter un posto de traballo da policía local nun de oficial da policía local.

Segundo: Aprobar a relación de postos de traballo para o 2009 segundo se transcribe a continuación:

Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Espec.	T.P.	F.P.	O.A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formac. Específica	Observs.
SECRETARÍA XERAL														
Secretaría xeral	1	30	23.650,33	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L	1	D.D.H.
Técnico de xestión de administración xeral	2	24	10.909,51	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.	25	
Administrativo	1	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	8	18	4.526,04	N	C	C3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe notificador	1	14	5.020,95	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
	13													
INTERVENCIÓN														
Interventor	1	30	23.650,33	S	C		A1	H.E.	Interv/Tesour.	Superior	NO	L	2	D.D.H.
Téc.de xestión orzamentaria gastos e contbdad.	1	24	10.909,51	N	C		A/1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11,25	
Téc.de xestión orzamentaria de Ing.e control F.	1	24	10.909,51	N	C		A/1/A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios/S	NO	D.	3,11,25	
Administrativo	1	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		

Auxiliar administrativo	2	18	4.526,04	N	C	C3	C2	A.G.	Auxiliar			NO	G*		
	6														
TESOURERÍA															
Tesoureiro	1	28	17.464,23	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesour.	Superior		NO	L	2	
Administrativo	1	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa			NO	B*		
	2														
URBANISMO E RÉXIME INTERIOR															
Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	23.114,28	S	C		A1	A.G.	Técnica			NO	L	3	D.D.H.
Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	17.799,53	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores		NO	L	4	D.D.H.
Xefe de sección de servizos	1	28	17.799,53	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores		NO	L	5	D.D.H.
Técnico de Administración Xeral	1	25	15.389,35	N	C		A1	A.G.	Técnica			NO	L	3	
Aparellador	1	26	15.460,72	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios		NO	D.	8	D.D.H.
Enxeñeiro técnico industrial	1	26	15.460,72	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios		NO	D.	9	D.D.H.
Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.867,18	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios		NO	D.	22	D.D.H.
Xefe de unidade de réxime interior	1	26	15.460,72	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios		NO	D.	14	D.D.H.
Administrador sistema informático	1	22	5.291,75	N	C		C1					SI	FPII	17	D.D.H.
Delineante	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares		NO	FPII	16	D.D.H.
Encargado de obras	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.		NO	B*		
Encargado de servizos	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.		NO	B*		
Administrativo	3	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa			NO	B*		
Auxiliar administrativo	7	18	4.526,04	N	C	C3	C2	A.G.	Auxiliar			NO	G*		
Auxiliar réxime interior	1	18	4.526,04	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.		NO	G*		
Informático auxiliar	1	16	4.526,77	N	C		C2					SI	CS	23	
Capataz de Brigada de Obras	1	14	12.290,54	N	C		A.P.					SI	C		D.D.H.
Conserxe telefonista	1	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno			NO	C		
Conserxe	1	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno			NO	C		
Oficial de obras	1	14	3.625,90	N	C		A.P.					SI	C		
Operario condutor	2	14	3.211,70	N	C		A.P.					SI	C	19	
Operario servizos múltiples	3	12	3.073,80	N	C		A.P.					SI	C		
	33														
POLICÍA LOCAL															
Inspector policía local	1	22	14.536,64	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local		NO	D.		D.D.H.
Oficial policía local	3	18	13.899,64	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local		NO	B*		D.D.H.
Policía local	19	16	13.394,61	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local		NO	B*		D.D.H.
Coordinador de Protección Civil	1	16	13.394,61	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local		NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar			NO	G*		

Axente protección civil	4	14	6.762,28	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*		D.D.H.
	29													
SERVIZOS SOCIAIS														
Coordinador servizos sociais	1	26	12.791,90	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	L	7	D.D.H.
Educador social	2	24	7.194,99	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
Traballadora social	3	24	5.145,24	S	C		A2				SI	D.	15	
Auxiliar administrativo	2	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.182,87	N	C		C2				SI	G*		
Traballadora familiar	2	12	2.380,13	N	C		A.P.				SI	C		
	11													
CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE														
Coordinador de Activ. culturais e educativas	1	26	12.791,90	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	L		D.D.H.
Bibliotecaria arquivista	1	25	16.429,29	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
Dinamizador Cultural	1	24	7.194,99	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	D.		D.D.H.
Coordinador deportivo	1	22	6.012,18	N	C		C1				SI	B*	18	D.D.H.
Animador Xuvenil	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	B*		D.D.H.
Animador Deportivo	2	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	3	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar de turismo	1	18	4.526,04	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*		D.D.H.
Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.182,87	N	C		C2				SI	G*		
Informador xuvenil	1	18	4.526,04	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*	21	D.D.H.
Conserxe instalacións deportivas	6	14	7.153,10	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		J.N.
Conserxe de colexios públicos	3	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Conserx	1	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		SI	C		
	28													
EMPREGO														
Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	11.419,19	S	C		A1				SI	L		D.D.H.
Axente desenvolvemento local	1	25	8.269,81	N	C		A1				SI	L	3,7,10,11	D.D.H.
Técnico en promoción económica	1	25	8.269,81	N	C		A1				SI	L	3,10,11	D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
	4													
ALCALDÍA														
Auxiliar de Alcaldía	1	18	11.183,32	N	C		C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		D.D.H.
Asesor/a	2	24	7.469,98	E	I		A2					L/D		
Condutor de alcaldía	1	14	11.269,00	N	C		A.P.				SI	C	19	D.D.H.
	4													
	130													

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as quince horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia